

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día vinte e tres de outubro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia - que se ausenta por motivos persoais ás 9,10 horas, pasando a presidir a sesión o 1ª tenente de alcalde, D. José Antonio Bouza Rey - e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, Dª. Angeles Díaz Prados e Dª Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 05.11.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día cinco de novembro de 2009.

2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DAS OBRAS DE "ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA".

Transcorrido o prazo legal de quince días hábiles tras a publicación da adxudicación provisional e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 3.650 euros, e presentada a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente o contrato de "ELIMINACION DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA", a D. CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO S.L. no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 62.931,04 €

B) I.V.E.: 10.068,96 €

C) Total (A + B): 73.000 €

2º.-Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.451.0.62200 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.”

3.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE "REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL AO PXOM DE MUGARDOS. SOLO INDUSTRIAL. PUNTA PROMONTOIRO".

Transcorrido o prazo legal de quince días hábiles tras a publicación da adxudicación provisional e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. ÁMBITO ECOURBANISMO S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 1.711 euros, e presentada a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente o contrato de "REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL AO PXOM DE MUGARDOS - SOLO INDUSTRIAL- PUNTA PROMONTOIRO a D. AMBITO ECOURBANISMO S.L.", no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 29.500 €

B) I.V.E.: 4.720 €

C) Total (A + B): 34.220 €

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.22709 VÍA VINCULACIÓN do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores."

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE "PERSONAL TÉCNICO DOCENTE DAS ESCOLAS CULTURAI E DEPORTIVAS MUNICIPAI E PERSONAL DE APOIO AOS SERVIZOS DA ÁREA DE CULTURA E DEPORTES".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía, que copiada literalmente di:

"Unha vez elaborado o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da dos servizos citado, así como o prego de prescricións técnicas, faise necesario proceder a súa contratación.

Visto o anterior, visto o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, e vistos os dictames da comisión de cultura e deportes, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación dos servizos de persoal técnico docente das escolas culturais e deportivas municipais e persoal de apoio aos servizos da área de cultura e deportes polos motivos que constan no prego de cláusulas particulares.

2.- Aprobar o expediente de contratación do contrato de prestación de servizos xa citado, e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento aberto con

multiplicidade de criterios de adxudicación , e aprobar o gasto, con cargo á partida 2009.0.452.0.22715- actividades deportivas- e 2009.0.451.22715- actividades culturais- do orzamento vixente.

3.- Prestar aprobación ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE “ PERSOAL TÉCNICO DOCENTE DAS ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS E PERSOAL DE APOIO AOS SERVIZOS DA ÁREA DE CULTURA E DEPORTES”, por procedemento negociado sin publicidade mediante varios criterios de adxudicación, e o” PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ”, según texto obrante no expediente, procedemento de contratación que se elixe por consideralo o máis adecuado para o obxeto do contrato."

5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE MUGARDOS"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía, que copiada literalmente di:

"Unha vez elaborado o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da do servizo citado, así como o prego de prescricións técnicas, faise necesario proceder a súa contratación.

Visto o anterior, visto o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, e o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques na sesión realizada o día 16 de novembro de 2009, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación dos traballos de prestación do servizo de mantemento, conservación e reparación do alumeado público do concello de Mugar dos polos motivos que constan no prego de cláusulas particulares.

2.- Aprobar o expediente de contratación do contrato de prestación do servizo antes citadode, e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento aberto, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2009.0.432.0.22710 do orzamento vixente.

3.- Prestar aprobación ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA “PRESTACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO”, por procedemento aberto tendo como forma de adxudicación o concurso mediante varios criterios de adxudicación, e o” PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ”, según texto obrante no expediente, procedemento de contratación que se elixe por consideralo o máis adecuado para o obxeto do contrato.

6.- CONCESIÓN SUBVENCIONS ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes do arquitecto da oficina municipal de rehabilitación de data 06.07.2009, obrantes no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial ás seguintes subvencións ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- D. RAMÓN BELLO BLANCO (EXPTE. 004-2009) segundo solicitude de data 9 de xullo de 2009, propietario da vivenda sita na R/ Lousido nº 38, 1º, pola cantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 4.500,00 € para rehabilitación de edificio sen baleirado interior e actuacións para adecuación en elementos comúns e mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental.

- D. JOSÉ PEREIRA VIÑAS (EXPTE. 005-2009) segundo solicitude de data 9 de xullo de 2009, propietario da vivenda sita na R/ Lousido nº 38, baixo, pola cantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 4.500,00 € para rehabilitación de edificio sen baleirado interior e actuacións para adecuación en elementos comúns e mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental.

2.- Concederlles a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugardos.

E asimesmo, tendo en conta o informe do arquitecto da oficina municipal de rehabilitación de data 30.09.2009, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- D. JOSÉ GERARDO ADELANTADO LEÓN (EXPTE. ARI_010-A-2009) segundo solicitude de data 8 de outubro de 2009, propietaria da vivenda sita en Avda. do Seixo nº 146, pola cantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 3.795,70 € para rehabilitación de edificio sen baleirado interior e actuacións para a adecuación das condicións de habitabilidade.

2.- Concederlle a devolución do 90 % da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en concepto de bonificación segundo o establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugardos.

3.- Facer constar que a devolución da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) indicada no punto 2, non se fará efectiva ata a aprobación definitiva da subvención.

7.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 803/2009, 811/2009 E 815/2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as resolucións da alcaldía que deseguido se transcriben:

"A) RESOLUCION DA ALCALDÍA NÚM. 803/2009, DE 16.11.2009.- *Vista a resolución de data de 31 de outubro de 2008 pola que a consellería de Innovación e Industria concede ao concello de Mugardos unha subvención para o desenvolvemento do Programa Concellos Dixitais 2008-2009, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, para a realización do proxecto "Elaboración dun Plan director da sociedade da información para o concello de Mugardos", pola cantidade total de 43.732 euros, pola presente **RESOLVO:***

1.- Solicitar o libramento da subvención

2.- Prestar aprobación á memoria de " Plan Director da Sociedade da Información para o Concello de Mugardos. PDSI MUGARDOS 2010 – 2013" de data do 13 de novembro de 2009 e redatada por Nova Consultores.

3.- Aprobar o gasto con cargo a partida 2009.0.322.0.22706

4.- Declarar que o Concello cumpre coa finalidade para a cal foi concedida a subvención "Elaboración dun plan director da sociedade da información para o Concello de Mugardos" outorgada pola Consellería de Innovación e Industria co cofinanciamento do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, ascendendo o investimento á cantidade de 32.364 euros (IVE incluído) na anualidade de 2009, sendo aplicados para esta finalidade os fondos concedidos na citada subvención

5.- E que se proceda en consecuencia polo adxudicatario, unha vez elaborado o documento, á difusión dos obxectivos e conclusións do PDSI MUGARDOS

6.- Dese conta á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación."

"B) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 811/2009, DE 17.11.2009.- *Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña para a elaborar o Plan de Obras e Servizos Adicional 2/2009 para Concellos con baixas de licitación nas obras do POS 2009 e con obras no Plan Complementario (R.E. 6.140/13.11.2009).*

*E tendo en conta o informe emitido pola intervención municipal en data 17.11.09, obrante no expediente, do que resulta acreditada a existencia de crédito, na partida 2009.0.441.0.62702, para a contratación da obra de "ABASTECIMIENTO DE AUGA A LODAIRO" cun importe de licitación de 68.014,19 euros, pola presente **RESOLVO:***

1º.- Prestar conformidade á execución das obras de "ABASTECIMIENTO DE AUGA A LODAIRO" no POS adicional 2/2009.

2º.- Ratifíquese a presente resolución pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

3º.- Dese traslado do presente acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos."

"C) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 815/2009, DE 18.11.2009.- *Advertido que na resolución da Alcaldía núm. 811/2009, de 17.11.2009, pola que se prestou conformidade á execución das obras incluídas no POS adicional 2/2009, tense omitido o cadro de financiamento, e a requerimento da Deputación Provincial da Coruña, **RESOLVO:***

Primeiro.- Rectificar a resolución da alcaldía núm. 811/2009 de 17.11.2009, que queda redactada como segue:

"Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña para a elaborar o Plan de Obras e Servizos Adicional 2/2009 para Concellos con baixas de licitación nas obras do POS 2009 e con obras no Plan Complementario (R.E. 6.140/13.11.2009).

E tendo en conta o informe emitido pola intervención municipal en data 17.11.09, obrante no expediente, do que resulta acreditada a existencia de crédito, na partida 2009.0.441.0.62702, para a contratación da obra de "ABASTECIMIENTO DE AUGA A LODAIRO" cun importe de licitación de 68.014,19 euros, pola presente **RESOLVO:**

1º.- Prestar conformidade á execución das obras de "ABASTECIMIENTO DE AUGA A LODAIRO" no POS adicional 2/2009, dacordo co seguinte cadro de financiamento:

DENOMINACION OBRA	PRESUPOSTO	APORTACION CONCELLO	BAIXA ACHEGA PROVINCIAL
ABASTECIMIENTO DE AUGA A LODAIRO	68.014,19 €	39.587,95 €	28.426,24 €

2º.- Ratifíquese a presente resolución pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

3º.- Dese traslado do presente acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos."

8.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

D. RAMÓN BELLO BLANCO (EXPTE. 107/2009) segundo solicitude de data 9 de xullo de 2009, para substitución de material de revestimento de cuberta e eliminación do peto de cuberta, en R/ Lousido nº 38, referencia catastral: 0222018NJ6102S. Dacordo coa autorización da Consellería de Cultura e Turismo, Sección de Patrimonio Histórico de data 22.10.2009, obrante no expediente.

A edificación sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA) polo PXOM.

As obras non suporán incremento de superficie ou volume nin obras de cambio de

estrutura na vivenda, limitándose á substitución de material de revestimento de cuberta e á eliminación de peto de cuberta existente.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JUSTINO ALVARIÑO GONZÁLEZ (EXPTE. 142/2009) segundo solicitude de data 28 de agosto de 2009, para colocación de tella na vivenda, en Avda. Yáñez Badía nº 39, referencia catastral: 001101400NJ61A0001WH.

A obra consistirá na colocación de tella do país sobre plancha ondulada de fibrocemento existente nunha superficie aproximada de 125 m².

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. MARÍA ROMERO LÓPEZ (EXPTE. 155/2009) segundo solicitude de data 9 de setembro de 2009, para renovación do patio da vivenda, en Teupoeira nº 9, referencia catastral: 4500020NJ6140S.

A obra a realizar localízase nunha parcela cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A construción atópase fóra de ordenación por non axustarse ao artigo 29 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no relativo á separación mínima de 3 m. a lindeiros, segundo datos obtidos da cartografía do Catastro.

A obra enténdese no marcos das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.1 do PXOM).

A obra non suporá incrementos de volume.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. MANUEL CARLOS BARROS TENREIRO (EXPTE. 168/2009) segundo solicitude de data 24 de setembro de 2009, para colocación de ventanal no balcón existente, en Avda. Bello Piñeiro nº 9, 1º esq., referencia catastral: 3719003NJ6131N.

O ventanal será de aluminio coas mesmas características estéticas do piso 3º dereita; 1 metro de machos en ladrillo recebado e pintado, o ventanal no fronte estará formado por tres ventás, unha de 3 follas e as outras dúas de 2 follas; a ventá do lateral será de 2 follas.

Todas elas con montante e antepeito.

Terán iguais características estéticas que o resto do edificio.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JOSÉ CARLOS GÓMEZ CARTELLE (EXPTE. 177/2009) segundo solicitude de data 7 de outubro de 2009, para reparación e mellora de 2 baños, en R/ Castelao nº 5-7, 1º esq., referencia catastral: 0414028NJ6102S.

A reparación consistirá en alicatados, solados e aparatos sanitarios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ Y OTROS S.C. en representación de Dna. ROSA JOSEFA MONTERO MARTÍNEZ (EXPTE. 179/2009) segundo solicitude de data 13 de outubro de 2009, para construción de drenaxe perimetral á vivenda, en Novás nº 20, referencia catastral: 1315004NJ6111S.

Distará 3 metros do colindante, 7 metros da arista exterior de explanación de calquera vía pública e 20 metros de calquera pozo, por ser compatible coa ordenación existente.

Non poderá conectarse á rede pública de saneamento, por carecer do servizo comparativo de augas.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JUAN SARDIÑA PITA (EXPTE. 181/2009) segundo solicitude de data 20 de outubro de 2009, para colocación de ventanal de aluminio na terraza, en Avda. da Gallada nº 14, referencia catastral: 4405019NJ61040N.

A finalidade do ventanal é evitar as humidades.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PERMISO PARA INICIO DE OBRAS. PROXECTOS DE EXECUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal de data 29.10.2009, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda conceder permiso para o inicio das obras que deseguido se indica:

- Dna. ROSA MARÍA CARBALLO CASTRO en representación de D. VICTOR MENÉNDEZ GÓMEZ (N.R.E. 4.812/16.09.2009), para construción de vivenda unifamiliar illada, en Avda. do Seixo nº 32, referencia catastral: 3717024NJ6131N; dacordo co proxecto de execución asinado polos arquitectos Dna. Victoria Alonso Caeiro, D. Pedro Garat Caramé e D. Antonio García-Lastra Núñez, visado polo C.O.A.G. en data 08.09.2009, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2009 (expte. 47/2009).

A arquitecta técnica directora da execucion material das obras é Dna. Rosa María Carballo Castro.

Prazo de inicio: 3 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

C) OBRAS MAIORES

- **D. ÁNGEL FONTELA PRADOS en representación de MUGAR GESTIÓN S.L. (EXPTE. 248/2007) segundo solicitude de data 21 de decembro de 2007**, para construción dun edificio de dous sotos, baixo, dúas plantas e baixo cuberta para 46 vivendas, garaxes e trasteiros, en Avda. Bello Piñeiro nº 13, referencias catastrais: 3820012NJ6132S, 3820013NJ6132S e 3820014NJ6132S, segundo modificado de proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 03.08.2009, redactado polo arquitecto D. Felipe Brandariz Cañas e documentación anexa visada polo C.O.A.G. en data 11.08.2009.

A parcela onde está situada ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semi Denso, polo PXOM.

A finalidade da licenza é a construción dun edificio de dous sotos, baixo, dúas plantas e baixo cuberta para 46 vivendas, garaxes e trasteiros.

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Uso	Vivendas categorías 1 e 2 Garaxe-aparcadoiro categorías 1 e 2	Cumpre.
Parcela mínima	300 m ²	2.205,70 m ²
Fronte mínimo	6 m.	71 m.
Aliñacións	As fixadas nos planos do PXOM	As fixadas nos planos do PXOM
Chaflán	3 m.	3,80 m.
Profundidade edificable	Plantas sotos: 20 m. Plantas altas: 14 m.	Plantas sotos: 20 m. Plantas altas: 14 m.
Retranqueos laterais	3 m.	3 m.
Altura máxima	10,00 m. B+2+Bc	9,69 m. B+2+Bc (considerando que o soto computa en parte como planta baixa se supera o 1,5 m. de altura sobre rasante).
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado. Pendente máx. 30 °. Altura máx. de cumbreira 4,50 m. e de fachada no Bc 1,80 m., en liña co resto da fachada. Beirados máx. 1 m. Non se permiten terrazas nin recuamentos. Permítense bufardas.	Pendente < 30 ° Altura cumbreira < 4,50 m. H. fachada < 1,80 m.
Voos	60 % de fachada sen P. baixa Ancho de rúa 14 m. Máximo 0,80 m. Ancho de rúa 10 m. Máximo 0,50 m.	< 60 % de fachada sen P. baixa Rúa 14 m. 0,80 m. Rúa 10 m. 0,50 m.
Sotos	Nunca vividoiros. Altura libre 2,20 m.	Cumpre.
Prazas de garaxe	Non se esixen.	1 praza / vivenda

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 1.764.309,00 €

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Felipe Brandariz Cañas, e o arquitecto técnico director está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Previo ao inicio das obras deberá presentarse e informarse por este concello o preceptivo proxecto de execución e proxecto de infraestruturas da edificación asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional así como aportar o nomeamento de arquitecto técnico director das obras e do coordinador de seguridade e saúde.

Para a apertura do garaxe deberá contar coa preceptiva licenza de actividade, dacordo con Anexo III do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

9.- LICENZA DE ACTIVIDADES PARA INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO DE ALMACENAMIENTO DE GLP EN O CRISTO, A INSTANCIA DE REPSOL BUTANO S.A.

Visto o expediente tramitado a instancia de Repsol Butano S.A., que solicita a regulamentaria licenza de actividade para instalación e funcionamento de “CENTRO DE ALMACENAMIENTO GLP” en O Cristo, deste termo municipal, segundo proxecto de instalación de data decembro 2008, visado polo C.O.E.T.I. en data 26.01.2009 e redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. José Manuel Allegue Ares.

Resultando acreditado que o lugar de emprazamento non está en contradición co PXOM e Ordenanzas municipais, segundo o informe da arquitecta municipal, de data 22.07.2009 incorporado ao expediente, e do que resulta acreditado que:

- O depósito de GLP, de 8.334 litros de capacidade, instalado soterrado, servirá aos edificios sitos na mesma parcela, cun total de 76 vivendas. Localízase nunha zona comunitaria privada.
- Corresponde ao uso Industrial categoría 5ª, almacenaxe, regulado nos artigos 132-145 do PXOM.
- O solo no que se sitúa o edificio é Solo Urbano Non Consolidado (SUNC-P9-O Cristo), desenvolvido mediante Estudo de Detalle aprobado definitivamente o 15 de xuño de 2006. O PXOM remite as condicións da actuación ás establecidas para o Solo Urbano Semi Denso (SU-SD).
- O solo no que se sitúa o edificio é Solo de Núcleo Rural.
- O PXOM non prohíbe o uso pretendido. Autorízase o uso de almacenaxe no artigo 226.
- **A actividade cumpre as determinacións do PXOM.**

Atendido o informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (N.R.E. 5.541/13.10.2009), do que resulta acreditado que non é necesario someter a presente

actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental recollido no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza que se solicita (expte. 4/2009) para instalación e funcionamento segundo proxecto de instalación de data decembro 2008, visado polo C.O.E.T.I. en data 26.01.2009 e redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. José Manuel Allegue Ares.

Así mesmo non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza do inicio da actividade, para o que será indispensable que se levanten actas de comprobación favorables polos servizos técnicos municipais, e que o interesado deberá solicitar a este Concello, e obter previamente licenza de 1ª ocupación do edificio ao que se vai dar servizo.

10.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A) CERTIFICACIÓN Nº 4 DA OBRA DE "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 4 das obras de "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS", incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), da que é adxudicatario D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L., por importe de CINCUENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS VINTE E SETE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (59.527,23 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

B) CERTIFICACIÓN Nº 4 DA OBRA DE "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 4 da obra de "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA", incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), da que é adxudicatario D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L., por importe de CINCUENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (58.503,39 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60103 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

11.- PROXECTO REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A "REURBANIZACIÓN DAS RUAS BARRAL E CATRO VENTOS" OBRA INCLUÍDA NO PROGRAMA DE ACTUACIÓN ARI 2008.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ó proxecto "REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS" redactado polo arquitecto director de obra, D. Alejandro Garcia Virosta, de data novembro 2009, cun presuposto de execución por contrata de CENTO SEIS MIL SEISCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON DOUS CÉNTIMOS, Ive incluído, o que supón un incremento de 17.673,02 euros respecto ao contrato inicial.

2º.- Adxudicar directamente o "REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS" a D. Construcciones Manuel Varela Collazo no prezo de 17.673,02 euros, Ive incluído, o que supón que o prezo total do contrato, incluído o do presente modificado, queda fixado na contía de 106.673,02 euros, Ive incluído, cúa financiación será a que figura deseguido:

CONCEPTO	CUSTE TOTAL	APORTACIÓN /ACHEGA MINISTERIO	APORTACIÓN/ACHEGA COMUNIDADE AUTÓNOMA	APORTACIÓN/ACHEGA CONCELLO
CONVENIO ASINADO 1ª FASE 27 DE ABRIL DE 2006	135.000 € (100%)	27.000 € (20%)	40.500 € (30%)	67.500 € (50%)
PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA BARRAL E CATRO VENTOS	106.673,02 € (100%)	21.334,60 € (20%)	32.001,91 € (30%)	53.336,51 € (50%)

3º.- Aproba-lo gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 (vinculada 2009.0.432.0.60601) do vixente presuposto.

4º.- Que se lle notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda ao reaxuste da garantía definitiva pola cantidade de 742,27 euros, así como á formalización administrativa da presente modificación.

5º.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos oportunos.

INCIDENCIA: Faise constar que nestes intres, sendo as 9.10 horas, auséntase da sesión o sr. Alcalde por motivos persoais, pasando a presidir a mesma o primeiro tenente de alcalde, D. José Antonio Bouza Rey.

12.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
2034	320893221 4	2009.0.121.0.16205	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. POLIZA 425450000, VIDA E RISCOS PERSPAL CONCELLO, 29.09.09/28.09.2010	24.997,92 €
2056	300909	2009.0.432.0.22100	UNION FENOSA METRA, S.L. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,28.08/24.09.09	3.268,91 €
2076	4	2009.0.322.0.22724	Mª LUISA MOREIRA GARCIA	3.600,00 €
2078	200900808	2009.0.121.0.22609	DOCENCIA CURSO GUIA DE RUTA, OUTUBRO SOCIEDAD DE PREVENCION DE ASEPEYO, S.L. CONTRATO PREVENCION TECNICA 04.10.09/03.10.2010	3.193,83 €
2091	02/2009	2009.0.322.0.22726	M. JOSEFA MARTINEZ FERNANDEZ DOCENCIA CURSO EXPERTO SALARIOS, OUTUBRO	4.200,00 €
2104	MG10*/20 09	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO DE ATENCION A INFANCIA ESCOLA INFANTIL AS LAGOAS, MES OUTUBRO	5.995,47 €
2115	18/2009	2009.0.432.0.22706	AREA GIS, S.L. RESTITUCION DIXITAL ESCALA 1:1000 PLAN URBANISMO.	17.185,40 €
2116	17/2009	2009.0.432.0.22706	AREA GIS, S.L. RESTITUCION DIXITAL ESCALA 1:200 PLAN URBANISMO	16.332,80 €
2132	3323	2009.0.442.0.22711	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES OUTUBRO	10.728,72 €
2141	V01/1922	2009.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAIIS, PINTURA,INFORMATICA E MUSICA,OUTUBRO	8.502,16 €
2142	V01/1923	2009.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS, OUTUBRO	3.472,18 €
2149	3/2009	2009.0.451.0.46200	PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON TRASLADO E MANUTENCION,GRUPOS PARTICIPANTES NO FESTIVAL FOLCLÓRICO 09	5.096,00 €

2152	11	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ IMPORTE DO 5% DA LIQUIDACION 11/2009	5.908,60 €
2176	50	2009.0.322.0.22706	NOROESTE VALOR ASOCIADOS ,S.L.L. CONSULTORIA, ELABORACION PLAN DIRECTOR DA SOCIEDADE DA FORMACION PARA O CONCELLO DE MUGARDOS	32.364,00 €
2178	350	2009.0.432.0.21000	CALSOMATU,S.L. REPARACION DANOS TEMPORAL (CICLON KAUS) ACAECIDO NA NOITE DO 23 Ó 24.01.2009	52.303,40 €
2179	0	2009.0.511.0.45000	DIRECCION XERAL DE TRANSPORTES/CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL OBRAS PUBLICAS. TRANSPORTE METROPOLITANO, ACHEGA 2009	5.776,37 €

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE